

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR NO PAZO DE RAXOI O 15 DE XUÑO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Decreto polo que se dispón que cese María Nava Castro Domínguez como directora da Axencia de Turismo de Galicia.
- Decreto polo que se dispón que cese Luis López Diéguez como delegado territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra.
- Decreto polo que se dispón que cese Marta María Fernández-Tapias Núñez como delegada territorial da Xunta de Galicia en Vigo.
- Decreto polo que se nomea delegado territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra a Agustín Reguera Ocampo.
- Decreto polo que se nomea delegada territorial da Xunta de Galicia en Vigo a Ana Ortiz Álvarez.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Decreto polo que se regulan as entidades de colaboración ambiental e se crea o rexistro de entidades de colaboración ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia e o banco de persoas expertas en avaliación ambiental.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Moaña do treito inicial da estrada provincial EP-1101.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Decreto polo que se dispón que cese Fernando González Abeijón como director xeral de Persoas con Discapacidade.

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Decreto polo que se dispón que cese Susana López Abella como secretaria xeral da Igualdade

ACORDOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación do servizo de regularización das inscricións do rexistro de augas no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa, referencia expediente: AUG-2023-0060, cun orzamento base de licitación de seis millóns setecentos noventa e dous mil douscentos vinte e un euros con corenta e un céntimos (6.792.221,41€), e cun valor estimado de cinco millóns seiscentos trece mil catrocentos seis euros con doce céntimos (5.613.406,12€). Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextgenerationEU.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza que os pagos anticipados poidan acadar ata un 60% da subvención total concedida e a exención de garantías ás pequenas e medianas empresas beneficiarias, polo importe dos pagamentos anticipados e a conta establecidos nas bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para a mellora da capacidade de innovación das empresas en Galicia, a través do financiamento das actividades integradas en Plans de deseño para a innovación e a sustentabilidade (DESEÑAPEME) e Plans de innovación en procesos e organización (INNOVAPEME), cuxa actividade se enmarca nas prioridades estratéxicas da RIS3, e procédese á súa convocatoria para o ano 2023, por importe de catro millóns cincocentos mil de euros (4.500.000,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual, de acordo co artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e a exención de presentación de garantías polo importe dos pagamentos a conta establecidos, de acordo co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde conxunta da Consellería de Economía, Industria e Innovación e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a formación de doutores e doutoras das universidades do SUG en empresas, Programa Doutoramentos Industriais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2023, por un importe total dun millón oitocentos noventa mil euros (1.890.000,00 €).
- Acordo polo que se declara proxecto industrial estratéxico o proxecto da planta de biofibra reciclada branqueada, nas Pontes de García Rodríguez (A Coruña), promovido por Ence Energía y Celulosa.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (CSIC) para a posta en marcha do Laboratorio de Literatura Infantil e Xuvenil (LIXLAB) por un importe total de setenta e cinco mil trescentos vinte e dous euros (75.322,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Consellería de Economía, Industria e Innovación e a Comisión de Intercambio cultural, educativo e científico entre España e os Estados Unidos de América para o programa de bolsas Xunta de Galicia-Fulbright, por importe de cincocentos cincuenta e oito mil euros (558.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Deputación provincial de Pontevedra en relación coa prestación do servizo de comedor escolar ao Centro de Educación Especial

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pontevedra en Pontevedra, polo importe máximo de vinte e tres mil novecentos vinte e tres euros con vinte céntimos (23.923,20€).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Ames para a xestión do servizo de comedor escolar en sete centros educativos radicados no concello, polo importe máximo de trescentos tres mil catrocentos noventa euros (303.490,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Barreiros para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de vinte e catro mil catrocentos setenta e cinco euros (24.475,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Betanzos para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de cento vinte e cinco mil douscentos setenta e seis euros con corenta céntimos (125.276,40€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Cangas para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos radicados no concello, polo importe máximo de cento cinco mil setecentos trinta e dous euros (105.732,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Ferrol para a xestión do servizo de comedor escolar en dez centros educativos radicados no concello, polo importe máximo de cento cincuenta e cinco mil setenta e tres euros con sesenta céntimos (155.073,60€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Lugo para a xestión do servizo de comedor escolar en nove centros educativos radicados no concello, polo importe máximo de cento corenta e oito mil douscentos vinte euros con sesenta céntimos (148.220,60€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Meaño para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de corenta e seis mil novecentos noventa e dous euros (46.992,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Mugardos para a xestión do servizo de comedor escolar en dous centros educativos radicados no Concello, polo importe máximo de sesenta e catro mil douscentos vinte e dous euros con corenta céntimos (64.222,40€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Muiños para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no Concello, polo importe máximo de vinte e dous mil cincocentos dezasete euros (22.517,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Sada para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de cincuenta e catro mil oitocentos vinte e catro euros (54.824,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Sarria para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de corenta e dous mil douscentos noventa e dous euros con oitenta céntimos (42.292,80€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Oroso para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de trinta e dous mil trescentos sete euros (32.307€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Manzaneda para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de dezaioito mil seiscentos un euro (18.601€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Vilalba para a xestión do servizo de comedor escolar nun centro educativo radicado no concello, polo importe máximo de vinte dous mil vinte sete euros con cincuenta céntimos (22.027,50€).
- Acordo polo que se autoriza o gasto para a contratación do proxecto, execución e dirección facultativa da obra de construción do Centro Galego de Artes Dixitais na estrutura soterrada do Edificio Fontán na Cidade da Cultura de Galicia, por importe de catro millóns cincocentos mil euros (4.500.000,00€) con IVE engadido e un valor estimado por importe de catro millóns douscentos setenta e seis mil oitocentos sesenta e sete euros con vinte e seis céntimos (4.276.867,26€) sen IVE.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, polo Servizo Galego de Saúde da prestación de servizos de hemodiálise, para a Comunidade Autónoma de Galicia, mediante acordo marco con varios adxudicatarios, por un importe de cento noventa e oito millóns setecentos cincuenta e catro mil doce euros con oitenta céntimos (198.754.012,80€).

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e as organizacións sindicais e empresarial no marco do proxecto FEAG-EMPREGAL, por un importe dun millón douscentos quince mil catrocentos euros (1.215.400,00€).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia e a Comunidade de Regantes “Nova Limia” para a modernización, mediante a instalación dos grupos de bombeo, nos pozos de regadío, por un importe total de dous millóns cincocentos tres mil seiscientos cincuenta e dous euros con trece céntimos (2.503.652,13€). Así mesmo autorizar a exención da obriga da constitución de garantías, de conformidade co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Informe da oferta formativa nas ensinanzas de formación profesional para o curso 2023-2024 en centros sostidos con fondos públicos. Plan Conecta FP Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA O NOMEAMENTO DE AGUSTÍN REGUERA COMO DELEGADO TERRITORIAL EN PONTEVEDRA E DE ANA ORTIZ COMO DELEGADA TERRITORIAL EN VIGO

- O Goberno galego cesa aos actuais delegados, Luis López e Marta Fernández Tapias
- Ademais acorda o cese da directora da Axencia de Turismo, Nava Castro; da secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella e do director xeral de Persoas con discapacidade, Fernando González Abeijón

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a Agustín Reguera Ocampo como novo delegado territorial do Goberno autonómico en Pontevedra e a Ana Ortiz Álvarez, delegada territorial en Vigo. Os dous novos altos cargos da Xunta substitúen a Luis López e Marta Fernández-Tapias, cesados na reunión semanal.

O Consello tamén acordou hoxe o cese da directora da Axencia de Turismo, Nava Castro; a secretaria xeral de Igualdade, Susana López Abella e o director xeral de Persoas con discapacidade, Fernando González Abeijón.

Agustín Reguera Ocampo

Nado en 1964 é licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela. Reguera leva case tres décadas como alcalde do concello pontevedrés de Soutomaior e a longo da súa carreira desempeñou outras responsabilidades como deputado provincial de Pontevedra; membro do consello asesor de RTVE en Galicia; membro da Comisión de Turismo da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) ou como presidente da Axencia de Desenvolvemento rural Vigo-Baixo Miño.

Ana Ortiz Álvarez

Nada en 1963 é licenciada en Dereito e diplomada na Escola de Práctica Xurídica pola Universidade de Santiago de Compostela. Ademais é funcionaria de carreira do Corpo superior da Administración da Xunta de Galicia.

Ortiz ocupou o cargo de subdelegada do Goberno en Pontevedra entre 2017 e 2018. Ademais desempeñou outras responsabilidades na Administración autonómica como secretaria territorial da Xunta en Pontevedra; secretaria provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en Ourense; subdirectora xeral de Acción Familiar da Consellería de Familia, Muller e Xuventude e secretaria provincial da Consellería de Agricultura e Política Alimentaria en Pontevedra. Ortiz tamén foi letrada do Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación (SMAC) de Vigo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PODERÁ CONTAR COA COLABORACIÓN DE ENTIDADES E EXPERTOS NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL DE NOVOS PROXECTOS PARA AXILIZAR A SÚA TRAMITACIÓN

- O Consello aprobou hoxe o decreto polo que se regulan as entidades de colaboración ambiental, figura prevista na Lei de simplificación administrativa aprobada en 2021
- Prevese a creación dun banco de persoas especialistas neste eido, así como un rexistro de empresas ou institucións de carácter privado capacitadas para brindar apoio técnico á Administración galega en certas fases e trámites do proceso
- Galicia é unha das primeiras comunidades que aposta pola cooperación público-privada en materia de avaliación ambiental co fin de optimizar a eficiencia da súa xestión, pero co mesmo nivel de garantías que fixa a normativa sectorial vixente
- Este tipo de fórmula xa ten demostrado a súa efectividade noutros eidos e resultará clave para atraer novas iniciativas empresariais dinamizadoras, de gran relevancia e que ofrezan oportunidades económicas e laborais para a Comunidade

A Xunta poderá contar co apoio e asistencia técnica de entidades privadas e expertos con acreditada experiencia nos procedementos de avaliación ambiental de determinados proxectos e iniciativas empresariais, co fin de axilizar a súa tramitación sen renunciar ou diminuír os niveis de protección medioambiental fixados pola normativa vixente.

Regular esta colaboración pública privada no trámite ambiental é o obxectivo prioritario do decreto que aprobou, esta mañá, o Consello, no cal se prevé para facilitar a súa aplicación práctica a creación dun rexistro de entidades de colaboración ambiental e dun banco de persoas expertas, dúas figuras novidosas previstas na Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, aprobada no ano 2021.

De feito, cómpre lembrar que esta norma introduciu unha regulación para buscar reducir e axilizar trámites no marco do procedemento de avaliación ambiental ao que deben de someterse moitos proxectos empresariais, co fin de proporcionar seguridade xurídica aos axentes económicos sen minguar as imprescindibles garantías ambientais esixidas polas directivas europeas aplicables e a lexislación estatal e autonómica vixentes.

Para avanzar nesta mesma liña, o decreto ratificado hoxe desenvolve as figuras das entidades colaboradoras ambientais e dos expertos en avaliación ambiental co obxectivo de dotalas de efectividade e que a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda —na súa condición de órgano ambiental autonómico— poida recorrer a elas cando as necesite.

Deste xeito, Galicia convértese nunha das primeiras comunidades en apostar pola cooperación público-privada en materia de avaliación medioambiental para optimizar a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

eficiencia da súa xestión, pero co mesmo nivel de garantías e de protección á hora de avaliar os proxectos presentados.

De feito, este decreto sitúase á vangarda das regulacións autonómicas na materia, cun alcance unicamente comparable ao da normativa vasca, pero máis amplo. Así, recóllese por primeira vez a posibilidade de que as entidades de colaboración ambiental verifiquen a calidade técnica, o cumprimento da normativa aplicable e, de ser o caso, a realidade dos datos e informacións recollidos nos documentos e informes que deben elaborar os promotores dos plans, programas ou proxectos sometidos a avaliación ambiental, o que reducirá os prazos previstos para a análise técnica do expediente.

Ademais, como novidade dentro da normativa autonómica, entre as funcións que poderán asumir neste tipo de procedementos figuran a colaboración na realización dos trámites de información pública e de consultas e na análise técnica dos expedientes. A maiores, como xa ocorre noutras comunidades, tamén se prevé a colaboración destas entidades no seguimento dos pronunciamentos ambientais e na inspección ambiental.

Así mesmo, a regulación do banco de persoas expertas en avaliación ambiental é pioneira e permitirá dispoñer —tras a obtención dunha cualificación previa— dunha relación de expertos nesta materia, aos que se lles poderá solicitar informes científicos ou técnicos no marco da avaliación ambiental, cando resulten necesarios para unha mellor análise e valoración dos efectos sobre o medio ambiente dos proxectos.

En todo caso, a actuación destas entidades suporá unha mera colaboración co órgano ambiental cando este así o requira, polo que en ningunha circunstancia substitúe as potestades públicas de inspección, comprobación, control e sanción da Xunta e que, ademais, lle permitirán centrarse naqueles aspectos máis relevantes do trámite ambiental, como poden ser os labores de supervisión, verificación e control.

Na práctica, polo tanto, serán unha ferramenta de apoio á Administración que facilitará a asunción do dobre reto que supón a aplicación dunha normativa sectorial cada vez máis esixente e a avaliación de proxectos de maior complexidade técnica e especialización que demandan que se poida contar con entidades e persoas de demostrada capacidade e experiencia en moitas e moi diferentes áreas de coñecemento.

Fórmula de éxito

O perfeccionamento dos mecanismos de avaliación ambiental en Galicia redundará nun desenvolvemento económico equilibrado e respectuoso co medio ambiente. En particular, con este decreto contribúese a resolver o problema que supón para o tecido produtivo o posible atraso na tramitación de procedementos de avaliación ambiental,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

introducindo fórmulas de colaboración público-privada, sempre baixo o control da Xunta, que axilicen o proceso, sen minguar os niveis de protección ambiental que esixe a UE.

Este tipo de asistencia, ademais, xa ten demostrado a súa eficacia e efectividade noutros eidos do servizo público nos que se ten aplicado. É o caso, por exemplo, das entidades de certificación de conformidade municipal (ECCOM), figura introducida na Lei do emprendemento e da competitividade de Galicia de 2013.

En definitiva, a axilización e optimización da avaliación ambiental de plans e proxectos é unha oportunidade para o conxunto de Galicia e o seu progreso, xa que axudará a atraer iniciativas empresariais dinamizadoras, de gran relevancia e que suporán novas oportunidades económicas e laborais, ao tempo que se fomenta unha colaboración especializada e cun alto valor engadido entre a Administración autonómica e entidades privadas e profesionais de alta cualificación e solvencia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE MOAÑA DO TREITO URBANO DA ESTRADA PROVINCIAL DESDE A RÚA DAS BARXAS ATA O CRUCE COA RÚA ROSALÍA DE CASTRO

- Transfírese o treito inicial de 260 metros da EP-2301, desde o quilómetro 0 ao 0+260
- A entidade local asume a titularidade deste treito urbano da vía provincial e terá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Moaña do treito urbano da estrada provincial que vai desde a rúa das Barxas ata o cruce coa rúa Rosalía de Castro.

O Concello de Moaña e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio no que se recollía a obriga da aceptación por parte da entidade municipal da transferencia da titularidade do treito inicial da vía EP-1101 Moaña–Verducedo.

En concreto, transfírese o treito urbano de 260 metros da EP-1101, desde o punto quilométrico 0 ao 0+260.

Esta transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta, o Concello de Moaña a competencia para actuar neste treito e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na seguinte imaxes amósase o treito obxecto da transferencia autorizada hoxe:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 6,8 M€ NA CREACIÓN DUNHA PLATAFORMA TECNOLÓXICA PARA DIXITALIZAR O REXISTRO DE CAPTACIÓNS DE AUGAS NA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA-COSTA

- O Consello da xunta autorizou hoxe a contratación do desenvolvemento, implantación e adaptación dunha nova aplicación para modernizar o rexistro de augas
- Para a súa posta en marcha será necesario revisar un a un e verificar en campo todos os expedientes existentes
- Con este contrato a Xunta contará cunha poderosa ferramenta de apoio nas tramitacións relacionadas coa xestión da auga
- O Goberno galego, a través deste contrato, prevé a realización de máis de 10.000 visitas de campo ou a revisión de máis de 19.000 expedientes para a inscrición de máis de 19.000 concesións
- A nova estrutura informática de datos posibilita a Augas de Galicia a reorganización da información dos aproveitamentos de augas na demarcación Galicia-Costa e permitirá a emisión de certificacións sobre as inscricións

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe ao investimento de 6,8 M€ na creación dunha plataforma tecnolóxica para dixitalizar o rexistro de captacións de auga na Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

O traballo suporá modernizar e optimizar a xestión do Rexistro de Augas coa posta en marcha dunha nova estrutura informática dos datos relativos aos aproveitamentos de augas na demarcación hidrográfica Galicia-Costa, de competencia autonómica, que permite a emisión de certificacións sobre as inscricións.

Os traballos comprenden o desenvolvemento da nova aplicación do Rexistro de Augas, a revisión dos expedientes de regularización do libro de Rexistro actual e a asistencia, apoio e colaboración na xestión das tramitacións durante o proceso de revisión.

A Xunta, a través deste contrato, prevé a realización de máis de 10.000 visitas de campo ou a revisión de máis de 19.000 expedientes para a inscrición de máis de 19.000 concesións.

Este contrato conta cun prazo de execución de 30 meses e será financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, cos fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).

Mediante este contrato Augas de Galicia implementa, no ámbito da xestión das concas intracomunitarias, a xestión dos servizos atribuídos no marco das súas competencias

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para administrar o dominio público hidráulico, nas que se inclúen o outorgamento de concesións e autorizacións, xunto coas do exercicio de inspección e vixilancia, e o do cumprimento das condicións ás que están suxeitas as ditas concesións e autorizacións, conforme á Lei de Augas de Galicia e á normativa europea.

Os traballos estrutúranse en tres fases diferentes

Os traballos que se desenvolverán no marco deste contrato subdivídense en tres fases, centrándose na primeira no desenvolvemento, formación, implantación e adaptación da nova aplicación do Rexistro de Augas.

Na segunda fase dos traballos procederase á revisión dos expedientes e regularización do Libro de Rexistro no ámbito territorial da demarcación Galicia-Costa; correspondendo a terceira fase á asistencia, apoio e colaboración na xestión das tramitacións sobrevidas durante o proceso de revisión.

Máis en detalle, na primeira fase desenvolverase un módulo de xestión para a revisión de expedientes e inscricións no libro de rexistro. Este módulo permitirá albergar os detalles, a información e a documentación das revisións realizadas, así como servir de base para realizar propostas de inscrición no Rexistro de Augas.

A segunda fase consiste no apoio e asistencia técnica para adecuar as inscricións do Libro de Rexistro actual ás prescricións do regulamento estatal en materia de augas e a posterior migración de datos á nova estrutura informática do Rexistro de Augas e á Base Central da Auga, que xestionará o Ministerio para a Transición Ecolóxica.

Para iso será preciso revisar toda a documentación partindo, en primeiro lugar, dos datos procedentes do Libro de Rexistro actual da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa e, por outra banda, da documentación incluída nos Arquivos oficiais de Augas de Galicia, tanto físicos coma electrónicos.

Como primeira parte do proceso de revisión de expedientes inclúese a dixitalización dos expedientes contidos nos arquivos de entidade hidráulica da Xunta e no Arquivo de Galicia. Unha vez dixitalizados, os expedientes serán revisados en gabinete e, onde resulte necesario, a información será contrastada e verificada en campo, incluíndo a toma de datos non existentes no expediente.

A última fase inclúe o apoio e a colaboración nas xestións xurdidas nos expedientes revisados.

Con este contrato autorizado hoxe, a Xunta contará cunha poderosa ferramenta de apoio nas tramitacións relacionadas coa xestión da auga.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DESTINA 4,5M€ A IMPULSAR COMPETITIVIDADE DAS PEMES GALEGAS A TRAVÉS DA INNOVACIÓN E O DESEÑO

- O Consello da Xunta acordou convocar, de xeito simultáneo, as axudas dos programas InnovaPeme e DeseñaPeme co obxectivo de apoiar 60 proxectos que poderían mobilizar 9 millóns de euros
- Entre as novidades, ademais de pemes e microempresas poden acceder aos apoios as entidades do terceiro sector de acción social e firmas do ámbito TIC

O Consello da Xunta acordou a convocatoria simultánea dos programas InnovaPeme e DeseñaPeme, dirixidos a impulsar a innovación nas pequenas e medianas empresas galegas a través dun orzamento de 4,5M€.

Estes dous programas pretenden dar resposta ás necesidades das pemes, en especial as menos innovadoras de sectores tradicionais, paliando a súa falla de recursos e coñecementos en materia de innovación. Así, a través de DeseñaPeme incídese na innovación en produto, servizo e experiencias, ademais de marca e identidade; mentres que InnovaPeme céntrase na innovación en procesos e organización.

Ambos os dous programas aspiran a financiar 60 plans de deseño e innovación nas pemes cunha mobilización de 9M€, que contarán cun prazo dun mes desde a publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia para presentar as súas solicitudes. Como novidade, nesta ocasión, inclúense como posibles beneficiarias entidades do terceiro sector social sen ánimo de lucro, así como empresas TIC -que estaban excluídas nas edicións anteriores-. Tamén se inclúen os custos indirectos como financiábeis por primeira vez e incorpórase como requisito a presentación de diversas actividades de difusión para chegar mellor á sociedade e servir de exemplo para outras pemes.

O orzamento subvencionable deberá estar entre os 50.000 e os 150.000 euros por cada plan, de xeito que unha mesma peme que se presente ás dúas convocatorias poderá investir ata 300.000 euros. As axudas terán unha intensidade do 50% e outorgaranse mediante o procedemento de concorrencia competitiva.

Os obxectivos destes programas son promover unha cultura de innovación continua e sistemática nas pemes galegas, incrementar o número de empresas que teñen a consideración de innovadoras, aumentar a súa competitividade, potenciar a colaboración das pequenas e medianas compañías co resto de axentes do ecosistema, favorecer a comercialización de resultados da I+D+i, incluír paulatinamente a innovación de procesos e organización no tecido empresarial galego e aumentar o seu gasto en I+D e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

actividades innovadoras. Desde a súa posta en marcha, estes programas permitiron impulsar 246 actuacións cun investimento público-privado próximo aos 40 millóns de euros.

Estas convocatorias enmárcanse na aposta da Xunta de Galicia por achegar a innovación a todo o tecido empresarial e vense completadas con outras liñas como os Bonos de innovación, para actuacións a curto prazo e dun menor importe; o programa ReAcciona; a aceleradora de internacionalización para proxectos innovadores Galicia Avanza; o traballo das distintas *business factories* ou a iniciativa Deseño para a Innovación e a Sustentabilidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA APOIARÁ A CONTRATACIÓN DE 15 ESTUDANTES EN EMPRESAS E CENTROS TECNOLÓXICOS NOS QUE DESENVOLVERÁN A SÚA TESE DOUTORAL

- O Consello da Xunta aprobou esta mañá a terceira convocatoria do programa Doutoramento Industrial, impulsado pola Consellería de Economía, Industria e Innovación, xunto coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
- Dotada con 1,9M€, continúa coa aposta do Goberno galego polo talento en I+D e a creación de emprego de calidade
- O programa permite o desenvolvemento da tese doutoral nunha contorna empresarial, favorecendo a investigación colaborativa e a transferencia de coñecemento

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a terceira convocatoria do programa Doutoramento Industrial, unha iniciativa dotada con 1,9 millóns de euros coa que se busca apoiar a contratación de 15 estudantes do sistema universitario galego en empresas e centros tecnolóxicos con domicilio social ou centro de traballo en Galicia nos que desenvolverán a súa tese doutoral.

O Programa, promovido pola Consellería de Economía, Industria e Innovación e pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, permite deseñar e realizar a tese doutoral nunha contorna empresarial, orientando o proxecto de investigación á resolución das necesidades e problemas dunha empresa ou centro tecnolóxico concretos.

Doutoramento Industrial favorece a investigación colaborativa entre unha empresa ou centro de innovación e tecnoloxía e a universidade -e con iso os procesos de transferencia-, promovendo a formación de mozos e mozas investigadores no marco de proxectos de interese empresarial, e estimulando a súa posible inserción laboral unha vez que remate a axuda.

Os doutorandos e doutorandas a contratar deberán matricularse nun programa de doutoramento dunha universidade do Sistema Universitario Galego (SUG) e, para iso, deberán ter unha persoa directora de tese vinculada ao programa e que debe ser recoñecida na solicitude. As axudas inclúen tantos os custos de contratación como gastos relacionados co proxecto e apoios para a realización de estadias de tres meses no estranxeiro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con esta terceira edición de Doutoramento Industrial a Xunta de Galicia busca promover a colaboración e transferencia de coñecemento, potenciar a captación de mozos e mozas investigadores, posibilitar a incorporación de persoal doutor ás empresas e centros tecnolóxicos, así como fortalecer a vinculación entre o tecido empresarial e universidades galegas.

Este programa, que xa permitiu a contratación de 30 persoas doutorandas industriais nas dúas anteriores edicións, complétase con outras medidas postas en marcha polo Goberno galego co obxectivo de captar talento e crear emprego de calidade no eido da investigación como Talento Sénior, Principia, Oportunus, Ignicia, os programas de apoio predoutoral e posdoutoral e Investigo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA QUE A XUNTA DECLARA A INICIATIVA DE ENCE NAS PONTES COMO PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO

- Resalta que planta para producir pasta reciclada branqueada “é un proceso innovador” que vai realizarse en Galicia de “forma pioneira a nivel mundial”
- Asegura que esta declaración, que reduce á metade os prazos dalgúns trámites, vai dar garantías aos proxectos que opten por instalarse nesta comarca, unha das zonas máis afectadas pola transición enerxética do Goberno central
- A fábrica de Ence suporá un investimento de 125 millóns de euros e prevese obter unha produción de 100.000 toneladas ao ano de pasta reciclada e permitirá crear 120 empregos directos
- Este proxecto súmase á planta de hidróxeno verde de Reganosa e EDP Renovables, a fábrica de pneumáticos de Sentury -ambas as dúas tamén nas Pontes-, a planta de metanol verde de Forestal del Atlántico en Mugardos e a de fibras téxtiles de Altri en Palas de Rei que tamén contan con esta declaración

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello aprobou esta mañá a declaración da planta que promove Ence nas Pontes como proxecto industrial estratéxico. Resaltou que se trata dun “proceso innovador” para producir pasta reciclada branqueada a partir de papel reciclado “que vai ser pioneiro a nivel mundial”.

O titular do Goberno galego salientou que con este xa son cinco os proxectos industriais que obteñen esta declaración e destacou que tres sexan na comarca das Pontes, “que forma parte da chamada área de transición xusta”, ao ser unha das zonas “que recibiron os impactos negativos da transición enerxética”.

No caso da fábrica de Ence, Rueda explicou que a nova planta terá unha capacidade de tratamento de 160.000 toneladas ao ano de papel reciclado, o que permitirá obter unha produción de 100.000 toneladas anuais de pasta reciclada cun alto grao de brancura, cuxo destino será principalmente a fabricación de papel tisú. Ademais, a instalación contará cunha caldeira de biomasa de aproximadamente 20MW para subministrar as necesidades de vapor do proceso. O proxecto supón un investimento de 125 millóns de euros “e prevese a creación de 120 empregos directos”, dando prioridade á contratación de traballadores locais.

Trátase dun proceso novidoso, pois non só recupera pasta a partir de papel reciclado, senón que tamén a branquea, algo que a día de hoxe non se está a realizar. Actualmente, existe un descenso da oferta de pasta branqueada fabricada a partir de papelote branco dado que, ao decaer o mercado da impresión e a escritura, tamén diminúe a dispoñibilidade deste tipo de papelote. Por outro lado, o consumo de papel marrón

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

umenta polo crecemento do sector das embalaxes. Este proxecto de Ence permitirá cubrir o desequilibrio actual entre a oferta e a demanda.

A declaración como proxecto industrial estratéxico enmárcase na filosofía da Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia que busca a captación de investimentos. Permitirá a redución á metade dos prazos -agás os relativos á presentación de solicitudes e recursos-, mantendo as garantías técnicas, xurídicas e medioambientais.

A planta conta con todos os requisitos para ser proxecto industrial estratéxico, xa que supera o investimento mínimo de 20M€ -o investimento previsto é de 125M€- e a creación mínima de 100 postos de traballo -cóntase con xerar 120 empregos-. Ademais cumpre co requisito de que as iniciativas deben complementar cadeas de valor, pertencer a sectores estratéxicos ou que estean aliñados cos obxectivos da Unión Europea ou integrarse no financiamento dos fondos Next Generation.

A iniciativa súmase á declaración tamén como proxecto industrial estratéxico de H2Pole, o centro de produción de hidróxeno verde promovido por Reganosa e EDP Renovables nas Pontes; á de Sentury Tire para implantar unha fábrica de pneumáticos tamén neste concello da provincia coruñesa; á planta de metanol verde en Mugardos de Forestal del Atlántico; así como a de fibras téxtiles de Altri en Palas de Rei. As cinco iniciativas suporán unha mobilización global de 1788 millóns de euros, segundo as previsións dos promotores dos proxectos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CREA CO CSIC UN LABORATORIO DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL QUE IMPULSARÁ O ACHEGAMENTO DA CIENCIA Á MOCIDADE E ÁS FAMILIAS A TRAVÉS DOS LIBROS

- É unha das medidas incluídas no Plan de impulso ao libro galego aprobado hai unhas semanas cunha batería de accións consolidadas e novas para crear e fidelizar lectores e adaptarse á transformación dixital
- Crearanse obras literarias e recursos de calidade coa ciencia galega como protagonista grazas ao traballo conxunto do sector do libro e os profesionais científicos
- Aplicaranse metodoloxías innovadoras que inclúen residencias literarias en centros de investigación nas que os escritores traballen en contacto co persoal científico

O Consello da Xunta autorizou a posta en marcha dun Laboratorio de literatura infantil e xuvenil, unha acción en colaboración co Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC) coa que se impulsará o achegamento da ciencia á mocidade, as familias e á comunidade educativa a través da literatura. Trátase dunha das medidas do recentemente aprobado Plan de impulso ao libro galego, un dos seis plans previstos no Plan Xeración Cultura para reforzar con novas iniciativas o momento de creación e expansión do sector cultural galego e xuntar esforzos público-privados.

Cun orzamento de 75.322 euros, o laboratorio estará composto por profesionais do sector do libro e da ciencia e serán elixidos polo CSIC e a Xunta, que tamén terán representación no laboratorio. Para a súa posta en marcha aplicaranse metodoloxías de traballo innovadoras entre axentes do sector do libro e a comunidade científica que permitirán poñer en valor o coñecemento científico a través da literatura infantil e xuvenil.

De feito, entre as accións previstas inclúese a posta en marcha de equipos mixtos de creación (con profesionais de investigación e do mundo do libro) a partir dos que se organizarán futuras estadias creativas e residencias literarias. Serán en centros de investigación onde axentes do mundo editorial traballarán en contacto co persoal científico sobre un tema determinado. A partir dese traballo crearase unha obra literaria e, posteriormente, unha colección de literatura infantil e xuvenil.

Baixo o nome de Laboratorio de literatura infantil e xuvenil, tamén está prevista a posta en marcha de xornadas específicas para divulgar este traballo con programación de actividades que dean visibilidade á ciencia que se fai en Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Libro galego

O Laboratorio é unha medida xurdida no proceso participativo aberto no 2022 pola Xunta de Galicia para que a cidadanía, sector, institucións e administracións públicas presentasen propostas susceptibles de ser incluídas nun PERTE cultural a nivel estatal.

Ao non ter prosperado o PERTE cultural por parte do Goberno central, a Xunta está a recuperar varias das propostas xurdidas en dito proceso para poñelas en marcha dentro do Plan Xeración Cultura, a folla de ruta para o sector cultural dotada de 34M€. Nel intégranse seis plans sectoriais, como o Plan de impulso ao libro galego tamén aprobado xa cun investimento de 3M€. O obxectivo neste caso é dar resposta aos desafíos do libro galego coa intención de que as familias, os centros educativos e as administracións públicas coordinen liñas de actuación para que a lectura e os libros formen parte das ferramentas e das capacidades básicas da sociedade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIARÁ A 57 INVESTIGADORES FULBRIGHT GALEGOS PARA REALIZAR ESTADÍAS CIENTÍFICAS EN EEUU

- O Consello da Xunta autoriza un convenio de 558.000€ que amplía a colaboración de ambas entidades para as convocatorias dos vindeiros catro anos
- Sufrárganse os gastos de posdoutorais das universidades galegas, organismos públicos de investigación e outras entidades do Sistema de I+D+i
- Recibirán unha axuda complementaria de 12.000 euros brutos para os dous anos de estadía nas universidades ou centros de investigación estadounidenses

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun acordo de colaboración coa Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América (Comisión Fulbright) para desenvolver novas convocatorias das bolsas Xunta de Galicia-Fulbright cun investimento global de 558.000€ ata 2026.

Ao abeiro deste convenio, a Xunta achegará unha axuda complementaria de 12.000 euros brutos durante os dous anos de estadía científica (6.000 euros por ano) aos investigadores que dispoñan dunha bolsa Fulbright durante a súa estadía dos Estados Unidos. Realizarase a través da Comisión Fulbright. Nos vindeiros catro anos, o convenio beneficiará a un total de 48 posdoutorais: 40 procedentes das universidades públicas e 8 dos organismos públicos de investigación de Galicia e doutras entidades do Sistema de I+D+i galego. A selección destes novos investigadores realizarase mediante as correspondentes convocatorias públicas de bolsas posdoutorais da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación. Ao abeiro deste convenio, tamén se sufragarán os gastos de nove bolseiros máis de convocatorias posdoutorais xa en marcha cuxa estadía se realiza en 2023.

Seguro médico e participación en actividades

A todos eles se lles financiarán gastos dos servizos complementarios ás súas estadías Fulbright como o seguro médico, apoio, xestión e asesoría durante a estancia nos EEUU, participación en seminarios, actividades científicas e culturais organizadas polo Programa Fulbright, entre outras.

A Xunta de Galicia continúa así o seu esforzo por apoiar a ciencia e fomentar o intercambio internacional dos investigadores galegos no marco do Programa Fulbright, a iniciativa presente en 160 países que prové aos seus participantes -escollidos polos seus méritos académicos e potencial de liderado- da oportunidade de estudar, ensinar, investigar e intercambiar ideas en Estados Unidos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA UN 10% A COLABORACIÓN CON 14 CONCELLOS PARA O COMEDOR ESCOLAR PARA FACER FRONTE Á INFLACIÓN

- Actualízanse os importes dos acordos con Ames, Barreiros, Betanzos, Cangas, Ferrol, Lugo, Manzaneda, Meaño, Mugardos, Muíños, Oroso, Sada, Sarria e Vilalba
- A medida conta cun investimento de máis de 1,1M€ e beneficianse 3.598 usuarios de 41 centros educativos
- A maiores aumenta a achega para o servizo de comedor adaptado do Centro de Educación Especial Pontevedra

A Xunta incrementa nun 10% a achega aos concellos que xestionan comedores escolares para facer fronte á inflación. O Consello da Xunta autorizou hoxe a renovación dos acordos con 14 concellos que se fan cargo deste servizo, incluíndo unha suba de orzamento, na liña do incremento realizado tamén nos comedores xestionados pola Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades.

O investimento para estes 14 convenios supera os 1,1M€. En concreto, renóvanse os acordos cos concellos de Ames, Barreiros, Betanzos, Cangas, Ferrol, Lugo, Meaño, Mugardos, Muíños, Sada e Sarria para os cursos 2023/24 e 2024/25. A maiores, actualízanse os importes dos acordos cos concellos de Manzaneda, Oroso e Vilalba, que estaban vixentes, pero aos que se lles aplica o mesmo incremento que para os restantes concellos.

A Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades está a colaborar cos concellos que solicitaron a xestión dos comedores escolares de centros de ensino do seu municipio. A achega da Xunta por menú, en función do número de usuarios, oscilaba ata o momento entre os 2,5 e os 0,5 €, incrementándose agora ao rango entre os 2,75€ e os 0,55€.

Comedor adaptado en Pontevedra

A maiores, o Consello da Xunta aprobou a renovación do convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra para o comedor adaptado do Centro de Educación Especial Pontevedra a partir de setembro.

O acordo ten por obxecto facilitar o servizo de comedor escolar a alumnos e coidadores do CEE Pontevedra (un centro pertencente á Consellería) en dependencias da residencia provincial situada na cidade infantil Príncipe Felipe e que depende da Deputación de Pontevedra. Trátase dun servizo de comedor axustado ás necesidades especiais deste alumnado.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ O VISTO BO AO PRIMEIRO CENTRO DE ARTES DIXITAIS DE GALICIA PARA APROVEITAR AS OPORTUNIDADES DESTA TECNOLOXÍA COMO MOTOR CULTURAL E ECONÓMICO

- O proxecto non implica a construción dun edificio novo, senón a adaptación de sotos xa existentes, en desuso, na Cidade da Cultura
- O Consello da Xunta aproba licitar o contrato para o deseño do proxecto, execución e dirección de obra co fin de que os traballos comecen a finais de ano
- Este centro, que abrirá as súas portas en 2025, achegará ao público experiencias innovadoras e promoverá proxectos creativos que modernizarán o sector cultural

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto para dotar a Galicia do seu primeiro Centro de Artes Dixitais, que será tamén un dos pioneiros en España, ao nivel dos existentes nas grandes capitais. Con este novo equipamento, o Goberno galego pretende posicionar a Comunidade para aproveitar a ventá de oportunidade que ofrecen as artes dixitas como motor cultural e económico, en termos de xeración de empresas innovadoras e postos de traballo, así como ferramenta para preservar e divulgar o patrimonio e contribuír a elevar a calidade do sistema educativo.

Este proxecto non esixe a construción dun novo edificio, senón que se aproveitará a oportunidade que ofrece a existencia de sotos en desuso na Cidade da Cultura, un total de 4.400 metros cadrados. Estes espazos, inicialmente construídos como aparcadoiros soterrados do que ía ser o Teatro da Música, un dos edificios paralizados no Gaiás, presentan polas súas características arquitectónicas (espazos pechados sen iluminación exterior) a contorna axeitada para este tipo de infraestruturas tecnolóxicas.

O visto bo do Consello da Xunta de Galicia permitirá licitar nas próximas semanas o contrato para a redacción do proxecto, a construción e dirección de obra, co que os primeiros traballos estarán previsiblemente en marcha a finais de ano. Deste xeito, o futuro Centro comezará funcionar na segunda metade do 2025.

Aforro no investimento

A elección da Cidade da Cultura para localizar este proxecto, cun orzamento de licitación de 4,5 millóns repartido en tres anualidades, supón un aforro significativo ao aproveitar un espazo xa construído, evitándose a adquisición dun solar coas características singulares que esixe unha infraestrutura desta natureza. Ademais, o Centro aproveitará as redes tecnolóxicas, enerxéticas, loxísticas e de seguridade do Gaiás:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galicia conta neste intre cunha ventá de oportunidade para albergar un centro de referencia no panorama español pioneiro no impulso ás tecnoloxías creativas desde as institucións públicas. Con este novo centro, a cidadanía poderá descubrir proxectos culturais de calidade no eido das artes dixitais e o sector cultural avanzará na súa modernización a través desta aposta co impulso da produción de proxectos propios relevantes. Do mesmo xeito, o sistema educativo contará cunha potente ferramenta para favorecer a creación, mellorando a calidade da formación e inspiración novas vocacións.

A súa localización na Cidade da Cultura permitirá establecer sinerxías con outras infraestruturas tecnolóxicas que se atopan na Cidade da Cultura, como a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) ou o Polo GaiásTech, así como con espazos culturais como o Museo Centro Gaiás, a Biblioteca e Arquivo de Galicia ou a Axencia Galega das Industrias Culturais, institucións comprometidas coa estratexia de dixitalización da cultura impulsada polo Goberno galego.

Tanto as características do espazo como a súa localización no Monte Gaiás, súmase á posibilidade de crear deseños específicos para nutrir de contidos o futuro centro. Isto posibilitará, ao seu amparo, incentivar o desenvolvemento de diferentes empresas de base tecnolóxica e crear novas sinerxías.

Xunto á cultura e ao emprendemento, a tecnoloxía foi desde a posta en marcha da Cidade da Cultura no 2011 unha das súas tres liñas estratéxicas. No seu II Plan Estratéxico, que marca a folla de ruta para o período 2021-2022, a dixitalización figura como un dos eixos de traballo prioritario do Gaiás. Neste senso, a súa programación está xa orientada cara esta dirección con proxectos como *Carne y Arena* ou o *Galiverso*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA UNIFICA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE HEMODIÁLISE PARA PACIENTES DO SERGAS NUN ACORDO MARCO POR 198 M€ PARA OS VINDEIROS CATRO ANOS

- O obxecto deste contrato é a prestación do tratamento da enfermidade renal crónica avanzada, mediante hemodiálise en centros de carácter ambulatorio ou no domicilio para pacientes beneficiarios da asistencia sanitaria do Sergas ou que temporalmente residan en Galicia
- Máis de 2.100 pacientes están recibindo actualmente esta prestación en Galicia a través de distintos contratos deste servizo
- A figura do acordo marco facilitará a libre concorrència e homoxeneizará criterios nas distintas áreas, cumprindo coas recomendacións do Consello de Contas

O Consello da Xunta aprobou a contratación, a través dun acordo marco con varios adxudicatarios, por un importe de 198.754.012 euros e un período de catro anos, da prestación do tratamento da enfermidade renal crónica avanzada, mediante hemodiálise en centros de carácter ambulatorio ou en domicilio para pacientes beneficiarios da asistencia sanitaria do Sergas, ou que temporalmente residan en Galicia, correspondentes ás sete áreas sanitarias.

Na actualidade máis de 2.100 pacientes están recibindo esta prestación en Galicia a través de distintos contratos deste servizo: en particular 1.450 dentro de centros hospitalarios concertados; preto de 600 nos centros de diálise extrahospitalarios con acordo co Sergas e uns 60 a través de contratos de prestación domiciliaria de diálise.

Este novo acordo marco permitirá unificar as condicións destas contratacións en toda Galicia, a través dun único proceso no que se seleccionarán as entidades que poderán logo optar a ser adxudicatarias dalgún dos 21 sublotos dos que consta.

Así, a licitación divídese en función de criterios clínicos e funcionais en tres lotes: a hemodiálise en centro hospitalario, a hemodiálise en centro extrahospitalario, e a hemodiálise domiciliaria, cada un deles dividido á súa vez en sete sublotos por cada unha das sete áreas sanitarias galegas.

A Xunta dá cumprimento así ás recomendacións do Consello de Contas, que viña insistindo na necesidade de regularizar estas prestacións a través dunha fórmula contractual axeitada e que facilitase a libre concorrència.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este acordo recolle, por tanto, uns requisitos mínimos de prestación homoxéneos para toda Galicia en materia de persoal, espazos, equipamento ou criterios de calidade acordados entre os distintos servizos de nefroloxía do Sergas.

Ademais, estandariza tamén as posibles melloras que se valorarán para cualificar as ofertas. Así, dados os factores sociais e emocionais propios das persoas con enfermidade renal crónica en tratamento, as áreas sanitarias valorarán máis aquelas ofertas que engadan persoal de apoio que mellora a atención integral dos pacientes, como profesionais especializados en psicoloxía clínica, nutrición e dietética, fisioterapia ou traballo social.

No caso da diálise domiciliaria, os criterios de valoración das mellores ofertas incluírán unha asistencia técnica con período de resposta inferior a 24 horas ou un apoio formativo domiciliar durante os primeiros 15 días de tratamento.

Valoraranse tamén os procesos relacionados coa xestión ambiental, tanto pola auga que consumen estes servizos como pola gran cantidade de residuos que se producen.

O acordo marco establece tamén que as entidades adxudicatarias darán acceso completo á plataforma de seguimento da que dispoñan ao persoal facultativo ou de enfermería do servizo de Nefroloxía da área sanitaria de referencia, para permitir o seguimento dos pacientes en hemodiálise. A remisión dos datos clínicos dos pacientes hemodializados nos centros adxudicatarios será realizada por medio da plataforma tecnolóxica do Sergas de seguimento de pacientes crónicos, Telea. A atención requirida farase seguindo as pautas de actuación establecidas polo departamento sanitario galego.

Impacto da diálise

A diálise é unha terapia de substitución renal que ten como finalidade suplir parcialmente a función dos riles. A partir dunha perda significativa da función renal que aboca a unha insuficiencia renal crónica, os pacientes deben someterse ao tratamento que lles permita extraer as toxinas e o exceso de auga do sangue como norma xeral tres veces por semana.

Cómpre remarcar que a hemodiálise ten un importante impacto na vida persoal dos pacientes e na súa capacidade de desenvolver unha actividade laboral, e por iso que, co fin de fomentar unha mellor calidade de vida, reforzar a súa autoestima e promover un modelo de asistencia personalizada, o Sergas está a introducir a diálise domiciliaria co

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

obxectivo de mellorar a vida dos pacientes que desexen ter unha vida social e laboral activa, e cumprindo, deste xeito, cunha das súas liñas estratéxicas de humanización.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA BUSCARÁ A REINSERCIÓN LABORAL DOS 303 TRABALLADORES DE ALU IBÉRICA DESPEDIDOS EN 2022 A TRAVÉS DO PROXECTO 'FEAG-EMPREGAL' DOTADO CON 1,5M€

- Resalta que o obxectivo é que as persoas afectadas "atopen un novo posto de traballo ou emprendan un negocio"
- Lembra que a industria electrointensiva "foi un dos sectores" máis prexudicados polo aumento "dos custes enerxéticos"
- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio con organizacións sindicais e empresariais (Asime, UGT, CCOO, CIG) para desenvolver, ata 2025, medidas para a cualificación, orientación e incorporación ao mercado destas persoas
- No marco do programa, e co apoio do Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG), prevense incentivos para a participación activa, o desprazamento, a conciliación e a inserción laboral destas traballadoras e traballadores
- A Xunta persegue a incorporación efectiva dos 303 afectados polos despedimentos en actividades relacionadas coa transformación do metal ou co aluminio

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello deu o visto e prace á sinatura dun convenio entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e axentes sociais e económicos -Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia (Asime), UGT, CCOO Galicia e a Federación de Industria da CIG- para a posta en marcha do proxecto FEAG-Empregal co obxectivo de "facilitar a reinserción laboral das 303 persoas afectadas polos despedidos de Alu Ibérica en 2022.

Rueda lembrou que a industria electrointensiva "foi un dos sectores máis afectados nos últimos anos pola suba dos costes enerxéticos", o que sumado a outros factores, derivou en peches ou despedimentos de traballadores. No caso da fábrica coruñesa, o presidente resaltou que a idade media dos afectados "é de 43 anos".

O proxecto contará cunha financiación de 1,5 millóns de euros, dos que 1.275.000 procederán do Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG), grazas á iniciativa promovida ante a Unión Europea pola comunidade galega, e o resto será aportado pola Xunta de Galicia. O obxectivo, como resaltou Rueda, é que estes desempregados "atopen un traballo ou emprendan o seu propio negocio".

A través de apoios á procura de emprego, orientación profesional, formación e reciclaxe profesional, ou promoción do autoemprego, o Goberno galego perseguirá a inserción laboral efectiva dos participantes no proxecto. A idea é crear recursos de fomento da

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

inserción laboral orientados de xeito específico ás problemáticas das persoas despedidas, nunha aposta pola personalización e para asegurar a inserción do maior número de persoas posibles tanto dentro como fóra do sector do aluminio.

A posta en marcha desta medida foi consensuada polo Goberno galego e os axentes sociais que deseñaron un programa que se desenvolverá ata o 10 de maio de 2025 e avoga pola cualificación en competencias clave e outros coñecementos para atopar un novo emprego, entre os que se contan as capacidades informáticas, operacións e loxística de almacéns e novas técnicas de soldadura, entre outras.

Para animar á involucración das 303 persoas despedidas, a Xunta de Galicia artellou un mecanismo de incentivos cos que apoiará a participación (máximo 400 euros por persoa) e outorgará becas de desprazamento (máximo 340 euros por curso formativo) e, de ser preciso, de conciliación (ata 1.200 euros).

O programa prevé, a maiores, unha achega de 200 euros ao mes, durante seis meses (máximo 1.200 euros), para as persoas participantes en FEAG-Empregal consigan unha reincorporación áxil ao mercado, ben por conta propia ou allea. A través deste incentivo trátase de motivar a estes traballadores para a procura activa dun novo posto de traballo.

Non é a primeira vez que o Goberno autonómico recorre ao FEAG para reactivar sectores clave da súa economía. En dúas ocasións, en 2012 e 2020, celebráronse cadanseus programas Empreganav para favorecer a recolocación de persoas procedentes do sector naval en momentos de crise con resultados exitosos e unha inserción aproximada do 70% en ambas as dúas convocatorias. Tamén persoal procedente do sector téxtil foi obxecto en 2009 e 2017 dos proxectos FEAG Empregatex e Galitex, que favoreceron a recolocación do 45% e do 51% das persoas que tomaron parte.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 2,5 M€ DE FONDOS PROPIOS Á ELECTRIFICACIÓN E BOMBEO DOS 40 NOVOS POZOS DO REGADÍO DA LIMIA

- O Consello do Goberno galego autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Comunidade de Regantes “Nova Limia”, a cal engloba as comunidades de San Salvador de Sabucedo, Lamas Ganade, Corno do Monte e Alta Limia
- Estas actuacións son necesarias para a sinatura do convenio entre a Sociedade Estatal de Infraestruturas Agrarias (Seiasa) e os regantes para mellorar este regadío, cunha dotación económica de 16 millóns de euros
- Trátase dunha actuación estratéxica para o desenvolvemento socioeconómico da zona e a potenciación do seu sector agrario, pois ditas comunidades de regantes comprenden unha superficie de 4.105 hectáreas distribuídas en 6.964 parcelas de 3.342 propietarios

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Comunidade de Regantes “Nova Limia”, que engloba as comunidades de San Salvador de Sabucedo, Lamas Ganade, Corno do Monte e Alta Limia, para dotar a cada un dos 40 novos pozos dos equipos e instalacións necesarias para o seu correcto funcionamento, é dicir, para a súa electrificación e bombeo, no marco das obras de modernización e mellora enerxética dos regadíos da Limia. Para iso, a Consellería do Medio Rural investirá 2,5 millóns de euros de fondos propios, financiando ao 100 % o custo destas obras.

Estas obras son precisas para levar a termo o correcto funcionamento das sondaxes executadas na zona da Limia, unha actuación estratéxica de enorme importancia tanto para o desenvolvemento socioeconómico da zona como para a potenciación do sector agrario desta comarca. Falamos de catro comunidades de regantes que comprenden un ámbito territorial de 4.105 hectáreas distribuídas en 6.964 parcelas de 3.342 propietarios.

Así, estas obras de electrificación e bombeo permitirán poñer en marcha os 40 pozos construídos (a razón de seis para a comunidade de San Salvador de Sabucedo, 13 para a de Lamas Ganade, outros 13 para a de Corno do Monte e oito para a de Alta Limia) e financiados integramente polo Goberno galego, o que supuxo un investimento de algo máis de catro millóns de euros. Desta forma, os agricultores disporán dunha toma de auga próxima aos seus cultivos con caudal mínimo necesario que facilitará os labores de rega e favorecerá un uso máis eficiente da auga.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De feito, entre os obxectivos principais a acadar coa modernización dos regadíos, destacan o aforro e mellora na eficiencia no uso da auga de rega, a regularización dos recursos hídricos da comarca, a introdución de novas técnicas de rega máis eficientes a nivel de parcela, a mellora da renda agraria e o desenvolvemento da Comarca, posibilitar unha agricultura sostible e respectuosa co medio, a mellora da calidade de vida dos agricultores reducindo as horas de traballo que se dedican á rega e un importante aforro enerxético.

Todas estas actuacións son necesarias para a sinatura do convenio entre a Sociedade Estatal de Infraestruturas Agrarias (Seiasa) e os regantes para levar a cabo o "proxecto de mellora para o aproveitamento en regadío das 40 captacións de augas subterráneas - A Limia 2022", que conta cun orzamento total de 16 millóns de euros (o 80% deste orzamento financiado polo Goberno central e o 20% restante polas comunidades de regantes).

Ademais, cómpre salientar que, desde a Consellería do Medio Rural, reclamóuselle ao Goberno central que cumpra o compromiso de asumir o 80 % do custo total -IVE incluído- do investimento necesario para afrontar o proxecto de modernización do regadío da Limia, co gallo de garantir a viabilidade do proxecto, que representa a única actuación de modernización do regadío prevista en Galicia.

Ademais, tamén se lle trasladou que os regantes non poden deducir o IVE das obras de modernización. Porén, dito IVE non deducible é un custo elixible a efectos de poder financeiro cos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia asignados polo Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación para ditas obras.

Investimento na Limia

Na mellora dos regadíos da Limia cómpre tamén destacar todo o realizado ata o de agora, tras intensas negociacións da Xunta co Goberno central. Así, grazas á colaboración institucional liderada polo Goberno galego, ademais da construción dos 40 pozos e da súa posta en marcha, cabe salientar os fondos que se destinarán á limpeza das canles e dos camiños paralelos a elas, co fin de mellorar a xestión dos subprodutos gandeiros e das augas para evitar e reducir a afectación ambiental das prácticas agrogandeiras actuais nesta bisbarra ourensá. Tamén cómpre subliñar o propio proxecto de mellora da eficiencia e da sustentabilidade dos regadíos da Limia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia promovido polo Executivo do Estado para facer fronte aos efectos da covid-19 coa axuda dos fondos europeos Next Generation.

Así mesmo, tamén está o Plan extraordinario de reparación de camiños desta comarca, con fondos propios da Xunta. A través deste programa, reparáronse diversos camiños repartidos en 12 concellos, que son utilizados polos agricultores e gandeiros locais, e que supoñen un arranxo de 64,18 quilómetros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA RESALTA QUE GALICIA CONTARÁ O VINDEIRO CURSO COA MAIOR OFERTA DE FP DA SÚA HISTORIA, CON 42.174 NOVAS PRAZAS DE NOVO INGRESO, UN 12% MÁIS

- Destaca que supón a creación de “4.500 prazas” para cursar 182 titulacións diferentes de FP
- Anuncia que a comunidade incorpora “nove títulos” e outros tres enriquecen o seu currículo para ofrecer unha formación máis especializada
- Asegura que a nova oferta obedece ás necesidades que existen nos territorios e sectores e que se detectaron a través dos encontros realizados ao abeiro do Plan Conecta FP Galicia
- O prazo de presentación de solicitudes comeza o 23 de xuño
- Impúlsase a oferta no rural galego, cun 10% máis, á par que se favorece a flexibilidade a través da modalidade a distancia
- Promóvese a igualdade de oportunidades con máis oferta para alumnado con necesidades educativas especiais

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que Galicia vai contar o vindeiro curso 2023-2024 “coa oferta máis alta e numerosa de Formación Profesional” da súa historia ao contar con 42.174 prazas de novo ingreso, un 12% máis respecto ao ano académico que remata. “Créanse 4.500 novas prazas, o que supón que a oferta medra en todas as áreas e todos os sectores”, indicou Rueda.

Rueda explicou que esta oferta foi deseñada a través do Plan Conecta FP Galicia que busca coñecer as necesidades do tecido produtivo galego “e adaptar a oferta formativa ás demandas actuais das empresas”. Para iso, nos últimos meses realizáronse diferentes encontros sectoriais e territoriais nos que participaron máis de 10.000 empresas, 400 asociacións e clústeres e máis de 300 centros educativos expresaron as necesidades de cualificación de traballadores dos diferentes sectores socioproductivos e áreas.

Rueda lembrou que a Xunta leva anos “apostando por impulsar” estas ensinanzas que xa contan con máis de 60.000 matriculados -un 75% máis que no curso 2008-2009- e que teñen unha alta taxa de inserción laboral: do 85% no caso da FP ordinaria e do 100% na FP Dual.

Do total de 42.174 novas prazas para o vindeiro ano académico, 34.704 son presenciais e outras 7.470 son a distancia. Haberá 1.482 grupos presenciais e só 151 a distancia.

Para reforzar esta formación, o presidente salientou que Galicia contará con 182 titulacións de Formación Profesional no vindeiro curso. Dentro deles, hai nove títulos que se implantan por primeira vez en Galicia. Ademais, outros tres adquiren unha nova

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dimensión ao enriquecerse o seu currículo con alta especialización, constituíndo tamén títulos renovados. A través da FP Dual implántanse estas tres ensinanzas que, partindo, dun ciclo formativo xa ofertado constitúense como novas posibilidades de estudos de FP demandadas polas empresas.

As titulacións de nova oferta implantaranse en 16 centros educativos, sempre en relación coas familias profesionais que imparten e coa súa contorna:

Centro/s	Titulación de nova implantación
CIFP Portovello, Ourense (modalidade Dual) CIFP Fontecarmoa, Vilagarcía (modalidade Dual)	Ciclo superior Formación para a mobilidade segura e sustentable
CIFP Fontecarmoa, Vilagarcía (modalidade Dual)	Ciclo superior Electromedicina clínica
IES de Teis, Vigo	Ciclo superior Caracterización e maquillaxe profesional
IES As Fontiñas, Santiago de Compostela (modalidade Dual)	Ciclo medio Escavacións e sondaxes
CIFP Montecelo, Pontevedra (modalidade Dual)	Ciclo medio Postimpresión e acabamentos gráficos
IES Politécnico de Vigo (modalidade Dual) IES Manuel Chamoso Lamas, Carballiño (modalidade Dual) CIFP Politécnico de Lugo CIFP Universidade Laboral, Culleredo CIFP Ferrolterra, Ferrol CIFP Fontecarmoa, Vilagarcía	Máster FP Robótica colaborativa
IES Francisco Daviña Rey, Monforte de Lemos	Máster FP Sistemas de sinalización e telecomunicacións ferroviarias (Monforte de Lemos)
CIFP Valentín Paz Andrade, Vigo.	Máster FP Auditoría enerxética
CEE Nosa Señora do Rosario, A Coruña	Programa formativo adaptado a alumnado con necesidades educativas especiais en Estética.
Centro	Titulación de alta especialización
CIFP As Mercedes, Lugo	Ciclo superior Dual Automoción especializado en vehículos de competición
CIFP Someso, A Coruña	Ciclo superior Dual Automoción especializado

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

	en vehículos industriais
CIFP Vilamarín, Vilamarín	Ciclo superior Dual Cocina agroecolóxica

Ademais, o Plan Conecta FP Galicia evidenciou a necesidade de seguir deseñando ofertas formativas adaptadas ás necesidades das empresa. En ocasións isto pasa por engadir formación doutros ciclos formativos á que xa está incluída nun título de FP, por exemplo combinando o ciclo superior en Patronaxe e moda con oferta parcial do de Vestiario á medida e de espectáculos ou o grao medio en Carpintaría e moble con oferta parcial do grao superior en Deseño e amoblamento, entre outros.

A FP Dual como prioridade

O Plan Conecta FP Galicia vén a consolidar a FP Dual como vía prioritaria de formación e, no seu marco, a oferta do vindeiro curso potencia esta modalidade. En concreto, o crecemento da FP Dual permite incorporar na provincia de Lugo as familias profesionais de Imaxe e son (ciclo de grao medio de Son para audiovisuais e espectáculos no IES Sanxillao) e de Marítimo pesqueira (ciclo de grao medio en Navegación e pesca de litoral no IES María Sarmiento de Viveiro). Tamén incorpora a familia de industrias extractivas na provincia da Coruña (ciclo de grao medio de Escavacións e sondaxes no IES As Fontiñas de Santiago de Compostela).

Cómpre lembrar que a FP Dual permite deseñar plans de formación específicos, a medida das necesidades das empresas. "Os titulados nesta modalidade acadan case o 100% da inserción laboral", resaltou o presidente.

Máis másteres

As ensinanzas máis especializadas da FP galega son os másteres, que se realizan ao remate dos ciclos e supoñen un valor engadido na formación dos titulados, especialmente en áreas punteiras como as redes 5G, os vehículos híbridos, a ciberseguridade ou a robótica.

Para continuar impulsando esta vía, Rueda salientou que "aumentan un 55% as prazas de novo ingreso ata as 1.082", que se impartirá en 52 grupos distintos por toda a xeografía galega. Serán en total 20 titulacións de especialista (acceso desde grao medio) e máster FP (acceso desde grao superior). Deles, tres serán novos, en concreto os másteres en Auditoría enerxética (no CIFP Valentín Paz Andrade, Vigo), en Robótica colaborativa (CIFP Ferrolterra, en Ferrol; CIFP Universidade Laboral, en Culleredo, CIFP Politécnico de Lugo e CIFP Fontecarmoa, en Vilagarcía de Arousa) e en Sistemas de sinalización e telecomunicacións ferroviarias (IES Francisco Daviña Rey, Monforte de Lemos).

Flexibilidade: a FP a distancia

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O impulso da modalidade a distancia permite achegar a formación a un maior número de persoas, tamén no ámbito rural, así como que máis persoal das empresas poidan actualizar a súa formación e as súas competencias profesionais. Ademais, permite conciliar a vida laboral e persoal da poboación en xeral.

Co obxectivo de facilitar o acceso á FP e flexibilizar o seu estudo, “increméntanse nun 74% as prazas nestas modalidade”, ata un total de 7.470. Ademais, por primeira vez haberá catro grupos de másteres de FP nesta modalidade, un total de 120 prazas. Será nos másteres de Ciberseguridade en contornos das tecnoloxías de operación (CIFP Politécnico de Santiago), Ciberseguridade en contornos das tecnoloxías de información (IES San Clemente, Santiago de Compostela), e dous grupos no de Intelixencia artificial e big data (un no IES San Clemente e outro no IES de Teis, en Vigo).

Impulso ao rural

A adecuación da oferta formativa ás necesidades e profesións do rural constitúese como unha magnífica oportunidade para fixar a poboación no territorio. En total ofértanse cerca de 6.842 prazas no rural, un 9,35% máis que no curso pasado.

O Plan Conecta FP Galicia permitiu detectar as necesidades de formación do territorio rural e estreitou as relacións de confianza entre a administración educativa e as empresas, ampliando os ciclos formativos e cursos de especialización na modalidade Dual. Son os casos da ofera en Mecatrónica industrial (en Vilalba e As Pontes), Produción agrocolóxica e Paisaxismo e medio rural (en Arzúa) ou Gandaría e asistencia en sanidade animal (en Melide e Xinzo de Limia), entre outros.

Ademais, préstase especial atención ao impulso da oferta de ciclos de FP Básica no ámbito rural como ferramenta de loita contra o abandono escolar temperá e para favorecer a inserción laboral. En concreto, amplíase o número de prazas de FP Básica preto do 3%.

Atención ás necesidades educativas especiais

A FP é un instrumento de especial relevancia para que o alumnado con necesidades educativas especiais poida conseguir a súa incorporación ao mercado laboral ou a súa continuidade no sistema educativo. A mellora da oferta de programas formativos favorece a igualdade de oportunidades para todo o alumnado, polo que a Xunta incrementa nun 17% as prazas para o vindeiro curso, ata un total de 630, que se poderán cursar en 12 centros distintos.